

Expediente 43-L-23

Empresa: Parlamento de Galicia

María Ángeles Vidal Blanco, designada árbitro en materia electoral por Acordo do 20 de abril de 2023, da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade, en virtude das facultades conferidas polos artigos 76.3 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, en relación co 31 do Real Decreto 1844/1994, de 9 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de Eleccións a Órganos de Representación dos Traballadores na Empresa; Disposición Transitoria 5ª do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público, en relación ao art. 28 da Lei 9/1987, de 12 de xuño; Lei 18/1984, do 30 de xuño, pola que se modifica a normativa de eleccións ós órganos de representación do persoal ó servizo das Administracións Públicas, e o Real Decreto 1846/1994, de 9 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de eleccións ós órganos de representación do persoal ao servizo das Administracións Públicas, dita o seguinte laudo arbitral

## I. ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data 25 de abril de 2023 tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia escrito dirixido á Xefatura Territorial da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade por medio do cal se procede á impugnación do proceso electoral iniciado no Parlamento de Galicia, instado por D. José Ramón Villalibre Fernández, na súa condición de Presidente Provincial da Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSIF) coa finalidade de que se retrotraia o proceso electoral á data de publicación do censo e se inclúa no mesmo aos funcionarios que prestan servizos na oficina do Valedor do pobo.

Segundo.- A fin de garantir os principios de audiencia e contradición, en data 28 de abril de 2023, ás 11:30 horas, celebrouse a comparecencia prevista non artigo 36 do Real Decreto 1846/1994, do 9 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de eleccións a órganos de representación do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado, asistindo á reunión as seguintes partes:

- En representación da Central Sindical Independente e de funcionarios comparece don José Ramón Villalibre Fernández;
- Polo Sindicato Comisións Obreiras asisten á reunión arbitral dona Carmen Botana Budiño (DNI. \*\*6228\*\*) e don Juan Carlos García España (DNI. \*\*5774\*\*).
- En representación da Central Sindical Galega se persoa don Roberto Varela Gestal (DNI. \*\*9060\*\*).
- Sindicato Unión Xeral de Traballadores asiste representado por don Anxo Antonio Iglesias Fernández (DNI. \*\*2246\*\*).
- Así mesmo, comparecen tres membros da Mesa Electoral, identificados como dona María Teresa Morandeira Reboredo (DNI. \*\*5613\*\*), que intervéen en calidade de Presidenta do devandito órgano electoral; don Francisco Javier Freire González (DNI \*\*2166\*\*) e dona Iria Pereira Louzao (DNI. \*\*0630\*\*), asistidos polo Letrado do Parlamento de Galicia, don Juan Carlos Caride Puente.

CSV : PTF-aa67-5360-7980-cbe7-5242-c4ad-7448-59d7

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://sede.administracion.gob.es/pagSedeFront/servicios/consultaCSV.htm>

FIRMANTE(1) : MARIA ANGELES VIDAL BLANCO | FECHA : 02/05/2023 15:01 | Sin acción específica



A Central sindical Independente e de Funcionarios ratifícase no contido do seu escrito impugnatorio. Entende que a mesa electoral, coa súa decisión, incorreu nun defecto grave que afecta as garantías do proceso e ao seu resultado, ao non incluír no censo electoral do Parlamento de Galicia ao persoal funcionario adscrito á oficina do Valedor do pobo, con base na argumentación de que o artigo 10.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo de Galicia dispón que “o persoal ao servizo do valedor do pobo considerárase persoal ao servizo do Parlamento en canto permaneza no exercicio das súas funcións. Dependerá orgánica, funcional e disciplinaríamete do Valedor do pobo e rexeráse polas normas de réxime interior previstas na disposición adicional e con carácter supletorio polo Estatuto do Persoal do Parlamento de Galicia”. Dita previsión é obxecto de desenvolvemento no art. 18 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Pobo.

Alúdese tamén pola parte impugnante a que nas contestacións efectuadas pola mesa electoral á reclamación do CSIF tamén se recollen os fundamentos relativos a unha sentenza do Tribunal Superior de xustiza de Galicia do ano 2003 respecto á pretensión de equiparación dun complemento dunha condutor-ordenanza integrado na oficina do Valedor do Pobo cos postos similares do Parlamento de Galicia e ao seu xuízo entende que dita sentenza ven a reforzar os seus argumentos posto que non é certo, como queda probado na mesma, que a mesa do Parlamento careza de toda competencia ou influencia respecto á relación de postos do Valedor do pobo, xa que no caso axuizado o funcionario demandante contaba co apoio do valedor do pobo que solicitaba a súa equiparación e con todo foi a mesa do Parlamento, referíndose a Resolución do 12 de decembro de 2001, quen finalmente denegou a proposta.

En apoio da súa argumentación a CSIF fai notar que existe na práctica unha equiparación entre o persoal do Valedor e o do Parlamento de Galicia, tanto en materia retributiva como nos réximes disciplinario, orzamentario e de incompatibilidade. Así mesmo, os dereitos, deberes e situacións administrativas, vacacións, incompatibilidades e licenzas do devandito persoal son as recollidas no Estatuto do Persoal do Parlamento, polo que considera a Central Sindical Independente e de Funcionarios que o persoal funcionario ao servizo do Valedor do Pobo debe incluírse no censo electoral do proceso de eleccións sindicais no Parlamento de Galicia co obxecto posibilitar a súa participación na negociación das súas condicións de traballo, tal e como dispón o artigo 65 e seguintes do Estatuto do persoal do Parlamento de Galicia, norma que é de aplicación supletoria en ausencia de norma propia.

Acto seguido confírese a quenda da palabra ao Sindicato Comisións Obreiras, intervindo na súa representación don Juan Carlos García España, quen se sitúa a favor das Resolución adoptada pola Mesa á reclamación previa presentada pola CSIF. Ao seu xuízo non debe incluírse no censo electoral do proceso seguido no Parlamento de Galicia ao persoal funcionario da oficina do Valedor do pobo pola sinxela razón de que o art. 60 do Estatuto do Persoal ao Servizo do Parlamento de Galicia establece de forma clara que “a Xunta de persoal é o órgano colexiado de representación do persoal funcionario ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia ante os seus órganos de dirección, nos termos establecidos no seu estatuto”.

Pola súa banda, tanto a representación da Confederación Intersindical Galega como da Unión General de Trabadores, apoian a decisión da Mesa electoral con base nos mesmos argumentos contidos na resolución do devandito órgano de data do 20 de abril de 2023, dando por reproducido o seu contido ao figurar no expediente arbitral.

Por último, cédese a quenda da palabra aos membros da Mesa electoral presentes na reunión, intervindo na súa representación a presidenta, dona María Teresa Morandeira Reboredo, quen en termos xerais ven expoñer:

O Estatuto do persoal do Parlamento de Galicia, norma con rango de Lei, configura non seu artigo 60 a Xunta de Persoal da Administración do Parlamento de Galicia como ou órgano colexiado da representación do persoal funcionario ao servizo desa Administración, a cal está integrada polo persoal funcionario da Administración da Cámara en situación de servizo activo, consonte con regulado non artigo 1 das Normas reguladoras das eleccións á Xunta de Persoal da Administración do Parlamento de Galicia.



A unidade electoral na que se están celebrando eleccións é a Administración do Parlamento de Galicia da que forman parte 70 funcionarios/as que reúnen as condicións de elector e elixible.

Expón a presidenta que o persoal que presta servizos non Valedor do pobo, ocupando postos da súa RPT, non se integra "ipso facto" no Parlamento de Galicia, malia a que sexa considerado persoal ao servizo do Parlamento mentres permaneza non exercicio das súas funcións, en aplicación do disposto non art. 10 da Ley do Valedor do Pobo, debido a que a diferenza dos funcionarios da Cámara, os do Valedor do pobo dependen orgánica, funcional e disciplinaríamete deste último.

Conclúe a representación da mesa electoral que a Xunta de Persoal da administración do Parlamento de Galicia configúrase como órgano colexiado da representación do persoal funcionario ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia, e quere facer notar que co actual marco normativo nada impide os suxeitos lexitimados configurar a oficina do Valedor do pobo como unha unidade electoral co fin de que o seu persoal dispoña de órganos de representación.

A mesa Electora achega como probas documentais as seguintes:

- Calendario electoral aprobado na sesión constitutiva da mesa electoral o día 12/04/2023.
- Acta da mesa electoral da sesión do 20/04/2023, que incorpora a resolución impugnada e o censo definitivo.
- Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia 855-2023, á que fai referencia a reclamación.

Os demais comparecentes non presentan probas documentais en relación o presente proceso arbitral.

## II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

Primeiro.- O procedemento tramitouse ó abeiro do previsto nos artigos 28 da Lei 9/1987, do 12 de xuño, de Órganos de Representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das Administracións Públicas, e 23 e seguintes do Real Decreto 1846/1994, de 9 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de eleccións ós órganos de representación do persoal ao servizo das Administracións Públicas, con audiencia das partes interesadas, mediante escrito razoado e resolvendo en dereito.

Segundo.- Na presente impugnación a Central Sindical Independente e de Funcionarios alega a concorrencia dun vicio grave que afecta as garantías do proceso de eleccións a órganos de representación de funcionarios desenvolto no Parlamento de Galicia, ao denegar a Mesa electoral a reclamación previa de dita Central Sindical pola que se solicitaba a inclusión no censo electoral dos funcionarios ao servizo do Valedor do Pobo.

Terceiro.- Para poder realizar unha decisión fundada en dereito compre analizar polo miúdo a normativa que resulta aplicable no presente caso. Así, o proceso electoral promoveuse no Parlamento de Galicia, cuxo persoal se rexe por un Estatuto do mesmo nome (Estatuto do persoal do Parlamento de Galicia, sendo esta unha norma con rango de Lei, adoitada no exercicio da autonomía organizativa que exerce en canto a poder público o Parlamento de Galicia e a súa finalidade é a de regular o réxime xurídico do persoal ao servizo da súa administración, o cal consta inscrito nun rexistro de persoal, de acordo ao disposto no artigo 18 da devandita norma, realizándose a ordenación de postos de traballo a través dunha relación de postos de traballo, a cal consta publicada no Diario Oficial de Galicia e da que, xa adiantamos, non forman parte os funcionarios ao servizo do valedor do pobo (feito non controvertido).

Respecto ao persoal funcionario do Parlamento de Galicia publicáronse unha serie de Acordos da Mesa do Parlamento polos que se aproban as normas reguladoras das eleccións á Xunta de Persoal da Administración do Parlamento de Galicia (Acordo da Mesa do Parlamento de 5 de



xuño de 2006 e Acordo o mesmo órgano de data 30 de decembro de 2014 polo que se modifican as Normas reguladores das eleccións a Xuntas de Persoal), en cuxo artigo 1 establécese que a Xunta de persoal está integrada polo **persoal funcionario da Administración do Parlamento que se atope en situación de servizo activo, exercendo a condición de elector e elixible** (funcionarios en servizo activo, funcionarios en servizo activo que desempeñen postos en comisión de servizo; os funcionarios en situación equiparable á de servizo activo (interinos ou en prácticas) e só electores os funcionarios en situación de servizos especiais.

Pola súa banda, o Valedor do Pobo de Galicia é un alto comisionado do Parlamento de Galicia para a defensa dos dereitos e liberdades comprendidos no título I da CE e no Estatuto de Autonomía de Galicia, cuxa regulación xunto á do seu persoal contense na Lei 5/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, que ademais conta cun Regulamento de organización e funcionamento propio (aprobado pola Comisión de Peticións do Parlamento de Galicia o 26 de maio de 1997, e modificado o 2 de decembro de 2015). Aínda que é certo que o artigo 10.1 da Lei que o regula dispón que o persoal ao servizo do valedor do pobo considerárase persoal ao servizo do Parlamento en canto permanezan no exercicio das súas funcións a súa dependencia orgánica, funcional e disciplinaria é do Valedor do Pobo segundo dispón a referida norma.

Tal e como matizou o letrado do Parlamento de Galicia que asistiu tecnicamente á Mesa na súa comparecencia arbitral, a oficina do Valedor do pobo nótrese de funcionarios procedentes doutras Administracións Públicas galegas, xa sexa parlamentaria, local e de Comunidade Autónoma, atopándose estes en situación administrativa de servizos especiais ou na do art. 54 da Lei da Función Pública de Galicia no caso de que se incorporaron por concurso público, aínda que tal e como xa se anticipou o persoal o servizo do valedor do Pobo está integrado nunha RPT propia e distinta á do Parlamento de Galicia (na actualidade a relación de postos do Valedor do Pobo está conformada por un total de 20, dos que 15 son persoal funcionario).

A xuízo da árbitro que subscribe non pode ter boa acollida a impugnación formulada pola Central Sindical Independente e de Funcionarios por canto falta un presuposto fundamental para poder incluír no censo electoral ao persoal funcionario adscrito á oficina do Valedor do pobo como é que se trate de persoal **funcionario da Administración do Parlamento de Galicia** que como tal debe estar inscrito no Rexistro do persoal da Administración da Cámara (consonte o regulado no art. 18 do EPPG) e formar parte da súa relación de postos de traballo, non dispoñendo na actualidade de base xurídica que permita a súa participación como electores e/o elixibles nas eleccións a órganos de representación do Parlamento de Galicia.

A interpretación desta árbitro é acorde coa plasmada na Sentenza da sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (número 855/2003), en cuxo fundamento xurídico terceiro recolle que *“el régimen jurídico a que está sujeto el personal del valedor do pobo es diferente del aplicable al personal de la Administración del Parlamento de Galicia tal y como se infiere de lo dispuesto en el art. 10.1 de la Ley del Valedor do Pobo en relación con el artículo 1 del Estatuto de Personal de la Administración del Parlamento de Galicia. Distinta es también la clasificación del puestos de trabajo en una y otra institución, pues en cada una de ellas se hace figurar independientemente los funcionarios a su respectivo servicio, siendo evidente que los que se integran en la institución del Valedor do Pobo no figuran en el cuadro del Parlamento de Galicia ni viceversa, destacando en tal sentido diferencial que es la Mesa del Parlamento, conforme al artículo 10.2 de las Ley 6/1984, la encargada de aprobar la relación de puestos de trabajo que propone el Valedor do Pobo para el funcionamiento interno de su propia institución y que tanto desde un punto de vista estructural como de dependencia orgánica y funcional el personal de ambas instituciones se rige por normativa diferente, en un caso por el Estatuto de Personal y en otro la Ley 6/1984, al igual que sucede en materia disciplinaria. En consecuencia, es obvio que el contenido del citado artículo 10.1 no atribuye sin más, en ausencia de Ley que lo establezca o acuerdo general que así lo determine, la equiparación funcional pretendida entre unos y otros funcionarios públicos”.*

En base ó argumentado dítase a seguinte

CSV : PTF-aa67-5360-7980-cbe7-5242-c4ad-7448-59d7

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://sede.administracion.gob.es/pagSedeFront/servicios/consultaCSV.htm>

FIRMANTE(1) : MARIA ANGELES VIDAL BLANCO | FECHA : 02/05/2023 15:01 | Sin acción específica



### III. DECISIÓN ARBITRAL

Primeiro. Desestimar a pretensión formulada pola Central Sindical Independiente y de Funcionarios contra o proceso electoral celebrado no Parlamento de Galicia, confirmando a decisión da mesa de data 20 de abril de 2023.

Segundo. Dar traslado da presente decisión arbitral ás partes interesadas así como á Oficina Pública de Rexistro de Eleccións Sindicais da provincia da Coruña para o seu correspondente rexistro.

Terceiro. Contra o presente laudo pódese interpoñer demanda ante a Xurisdición do Social, de conformidade co disposto no art. 29 da Ley 9/1987, de 12 de junio, de Órganos de Representación, Determinación das Condicións de Traballo e Participación do Personal ó Servizo das Administracións Públicas; art. 37.4 do Real Decreto 1486/1997, de 9 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de eleccións ós órganos de representación do persoal ao servizo das Administracións Públicas, segundo a modalidade procesual dos artigos 127 a 132 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da Xurisdición do Social.

A Coruña, a 2 de maio de 2023.

A ÁRBITRO NO PROCESO DE ELECCIÓNS SINDICAIS

(Asinado dixitalmente)

María Ángeles Vidal Blanco

CSV : PTF-aa67-5360-7980-cbe7-5242-c4ad-7448-59d7

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://sede.administracion.gob.es/pagSedeFront/servicios/consultaCSV.htm>

FIRMANTE(1) : MARIA ANGELES VIDAL BLANCO | FECHA : 02/05/2023 15:01 | Sin acción específica



Asinado dixitalmente por:

VALIDACION DE INFORMES MITES na data 02/05/2023 15:03:00



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 08/05/2023 09:30:00  
**Nº Rexistro: 53478**  
Data envío: 08/05/2023 09:28:59.923

CSV: REXISTRO-RIFdGMIS-8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

